

# cullerchef

obradoiro de cociña saudable



CULLEREDO  
CONCELLO  
CONCELLERÍA DE CULTURA

# INFORMACIÓN

O obradoiro está dirixido a nenas e nenos entre 7 e 12 anos e é gratuito.

Haberá **dous niveis** -Iniciación e Avanzado- e dúas quendas por nivel -unha de **17:00 a 18:30 h e outra de 19:00 a 20:30 h-**.

Para inscribirse no nivel Avanzado é necesario que a nena/o asistise a algún dos pasados obradoiros Cullerchef ou ao campamento de verán Cullerchef.

**O nivel Iniciación terá lugar os martes 8, 14, 21 e 28 de xaneiro e 4 e 11 de febreiro** (ollo: o 8 de xaneiro é mércores porque o martes 7 é festivo local). **O nivel Avanzado será os xoves 9, 16, 23 e 30 de xaneiro e 6 e 13 de febreiro.** A data da degustación concretarase durante o obradoiro.

Cubriranse as prazas vacantes que queden despois de chamar ás nenas e aos nenos que quedaron na lista de agarda do anterior obradoiro ata un total de 48 prazas (12 por quenda).

## INSCRICIÓN

A inscrición comezará o día **16 de decembro** ás **9:00 h** e acabará o día **23 ás 14:00 h**. Farase en liña co envío do formulario ao que podes acceder a través da ligazón que encontrarás na web do Concello ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)) e no código QR. Se tes algúun problema co formulario, axudámoste a cubrilo no Edificio de Servizos Múltiples (de forma presencial ou telefónica, en horario de 9:00 a 14:00 h).

**As prazas para estas novas inscricións adxudicaranse mediante sorteо.** Se quedasen nenas e nenos sen praza, manterase unha lista de agarda que terá preferencia na vindeira edición do Cullerchef (prevista para abril). En calquera caso, terán sempre prioridade as/os nenas/os empadroadas/os en Culleredo e aquelas/es que non acudiran a anteriores obradoiros Cullerchef.

**Chamarémoste por teléfono a partir do día 30 de decembro só no caso de que a túa nena ou neno teña praza.**

Aquelhas persoas que finalmente teñan praza terán que asinar as autorizacións e a comunicación de datos o primeiro día de obradoiro.

Prégase puntualidade á hora de traer e recoller aos nenos/as do Cullerchef e **total disponibilidade nos teléfonos de contacto** que se dean.

As/Os nenas/os van pasalo ben abondo e non necesitan traer ningún aparello electrónico ou xoguete, pero si é recomendable que traian roupa cómoda, calzado pechado, mandil e friameira (para papar na casa o que cociñen no obradoiro).

**Máis información no correo [cultura@culleredo.es](mailto:cultura@culleredo.es), no teléfono 981665597 ou no Edificio de Servizo Múltiples.**

